

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua  
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres

---



## Ermitas Valencia

Vivimos nun sistema que trata de nos educar de xeito diferente segundo sexamos homes ou mulleres.

Só temos que follear un catálogo de xoguetes, dos que estes días chegan ás nosas caixas de correo, para decatármonos de que, xa desde ben novos, temos que adestrar naqueles oficios ou labores domésticos, para os que parecemos predestinados e predestinadas.

Sempre as nenas protagonistas do ámbito privado: coidado de crianzas, doentes ou cociñeiras. Preocupadísimas polo seu aspecto físico, pola beleza e a estética persoal.

Podemos atopar nun catálogo de xoguetes até unha ducia de toucadores, maletíns de beleza ou bonecas que lles ensinan ás nenas o oficio da técnica de peitar.

As mulleres, sempre ideais de beleza, temos que estar e aparentar estar perfectas. Mentres os nenos constrúen barcos, pilotan avións, viaxan ao espazo ou se pelexan contra o maligno, as nenas deben aprender a estar belas ou a ser futuras nais responsábeis.

Esta predisposición tamén marca como temos que falar as mulleres. En contextos monolingües, as mulleres sempre fan un uso do idioma máis coidado e deixan os palabrons para o sexo masculino.

No caso galego, en que existen dúas linguas, unha de prestixio e outra, que durante anos foi a lingua á que o poder consideraba lingua dos pobres e incultos, non fai falta que expliquemos cal foi a lingua que se procurou para as mulleres. Para que unha muller subise máis doadamente algúns chanzos na escala social, cumpría abandonar o galego e cambialo polo idioma do imperio.

Hoxe, 25 de novembro, no que a sociedade reflexiona sobre a violencia que se exerce sobre as mulleres, queremos reivindicar que existen moitos tipos de violencia e que todos deben ser desterrados.

Temos que cambiar a sociedade patriarcal en que vivimos, que educa as nenas para que manteñan unhas regras de xogo inxustas e discriminatorias e que condena as mulleres ao traballo invisíbel para as cifras macroeconómicas.

Temos que cambiar un sistema que condena a millóns de mulleres á pobreza extrema e que segue condenando, ás galegas que queren ser ben tratadas polos poderes establecidos, a mudar de idioma, deixar de usar a súa lingua materna e educar os seus fillos e fillas en español en nome do progreso social.